

Actividades infantís con **apego**



concello de **CARBALLO**

Outono de 2017



+info:

Servizo de Normalización Lingüística
Concello de Carballo
Pazo da Cultura 2.º andar
981 704 304
nelvidal@carballo.gal
www.carballo.gal

www.apego.gal



Coordina:



ACTIVIDADES NA LUDOTECA MUNICIPAL

> Rúa de Desiderio Varela s/n (fronte ao Xardín Municipal)



Durante o outono, todos os martes e xoves, de 17.30 h a 18.30 h, haberá diversas actividades de dinamización na Ludoteca **para nenos e nenos de 3 a 8 anos**. Para participar debes inscribirte cunha semana de antelación na

Biblioteca Rego da Balsa. O calendario previsto é o seguinte:

OUTUBRO

Martes 3: Xogo de roles de profesións
Xoves 5: Témporas e landras
Martes 10: Contacontos da natureza
Martes 17: Colaxe da natureza
Xoves 19: Crebacabezas de Galicia
Martes 24: Contacontos de medo
Xoves 26: Pintemos o medo!
Martes 31: Obradoiro de figuras de medo

NOVEMBRO

Xoves 2: Contacontos de Samaiñ
Martes 7: Colaxe de animais
Xoves 9: Crebacabezas de animais
Martes 14: Contacontos de diversidade
Xoves 16: Plastilina
Martes 21: Colaxe de diversidade
Xoves 23: Bibliotecari@s por un día!
Martes 28: Contacontos de solidariedade
Xoves 30: Debuxo de acuarela

DECEMBRO

Martes 5: Decoración de Nadal
Xoves 7: Contacontos do Apalpador
Martes 12: Contacontos de valores
Xoves 14: Obradoiro de agasallos reciclados
Martes 19: Colaxe de Nadal
Xoves 21: Contos de xogos tradicionais
Martes 26: Colaxe de debuxos
Xoves 28: Crebacabezas

Normas de participación na Ludoteca

- Requisitos para asistir á Ludoteca:
 - Nenos/as autónomos/as ou acompañados/as dunha persoa adulta.
 - Con inscrición como socios/as na Ludoteca.
 - Idade de 0 a 8 anos.
- Programación e dinámica:
 - Martes e xoves: haberá actividades programadas con inscrición previa, levadas a cabo polas dinamizadoras para nenos/as de entre 3 e 8 anos.
 - Puntualmente programaranse actividades para nenos/as de 0 a 3 anos.
- Para asistir ás actividades será necesario inscribirse na Biblioteca Rego da Balsa, presencialmente ou enviando un correo ao enderezo biblioteca@carballo.gal con, polo menos, unha semana de antelación.
- O horario das actividades será de 17.30 h a 18.30 h.

HORTO INFANTIL ECOLÓXICO

> Rúa dos Nardos



O Horto Infantil Ecolóxico é un espazo municipal para que a rapazada estableza ligazóns afectivas coa natureza e coa súa contorna e valore a terra como fonte de vida e desenvolvemento. Nel desenvólvense actividades para que as nenas e os nenos aprendan a coidar a terra, a cultivala e a respectala, e no que se traballan transversalmente cuestións como o respecto do medio, a economía sostible, a saúde, o consumo, a alimentación, a reciclaxe, a lingua, a igualdade, etc.

OBRADOIROS

- Para nenos/as de **4º de Infantil**: mércores, de 17.30 h a 19.00 h (do 21 de febreiro ao 13 de xuño de 2018).
- Para nenos/as de **5º e 6º de Infantil**: martes e venres, de 17.30 h a 19.00 h (do 19 de setembro ao 27 de outubro de 2017 e do 20 de febreiro ao 15 de xuño de 2018).
- Para nenos/as de **Primaria**: luns e xoves, de 17.30 h a 19.00 h (do 18 de setembro ao 26 de outubro de 2017 e do 19 de febreiro ao 14 de xuño de 2018).

Aberto o prazo de inscrición: presentación no rexistro municipal da solicitude debidamente cuberta que se pode descargar en www.carballo.gal ou recoller no Museo de Bergantiños de 11.00 h a 14.00 h ou no propio Horto de 16.30 h a 19.30 h. Os obradoiros son de balde.

Paralelamente lévase a cabo un programa escolar para todos os centro de ensino de Educación Infantil e Primaria da localidade, e tamén para nenos/as de 2-3 anos das escolas infantís públicas.



Coñece máis sobre o programa Apego
no web www.apego.gal
ou na páxina de Facebook [Apego.gal](https://www.facebook.com/Apego.gal)

Estás a agardar un bebé? Parabéns!

Podes achegarte polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carballo para inscribirte no proxecto **Apego** e recibir os agasallos de benvinda! :-)

Tes fillas ou fillos de ata 6 anos?

Pois tamén podes dirixirte ao Servizo de Normalización Lingüística para inscribirte no programa Apego e así recibir información sobre todas as actividades e recursos!

Outubro



Obradoiro práctico Montessori Con Giovanna Pose, guía Montessori en Aura Carballo


Obradoiros prácticos dirixidos a nais e pais en que se traballarán dinámicas sobre a linguaxe, o movemento, a área sensorial e cognitiva, a vida práctica e social e a educación artística, sempre a partir do método educativo Montessori e aprendendo a acompañar os nosos fillos e fillas no proceso de aprendizaxe do que son protagonistas. Haberá tres obradoiros, adaptados ás correspondentes idades.

Luns 9 de outubro: para familias con bebés de 0-12 meses
Martes 17 de outubro: para familias con bebés de 13-24 meses
Martes 24 de outubro: para familias con bebés de 25-36 meses

18.00 h | Salón de actos do Pazo da Cultura

Participación: dirixido a familias con nenos/as segundo as idades indicadas para cada día. Poden participar un máximo de 15 familias por orde de inscrición. Inscrición previa de balde desde o día 2 de outubro no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico nelvidal@carballo.gal.

Organiza: Aura Carballo e Servizo de Normalización Lingüística



As viaxes de Irene

Contacontos de Solidariedade Internacional de Galicia

Mércores 11 de outubro | 18.30 h
Biblioteca Rego da Balsa

Da man de Irene, e a través de contos, as

nenas e os nenos achegaranse a culturas doutros países, ás súas paisaxes, fauna, flora, lingua, cantos, etc.

Participación: nenos/as de 5-10 anos, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 4 de outubro.

Organiza: Concello de Carballo – Biblioteca. Programa Ler Conta Moito da Xunta de Galicia



Nanocontos

Contacontos para bebés con Raquel Queizás

Mércores 25 de outubro
17.00 h e 18.30 h (dúas sesións) | Salón de actos do Pazo da Cultura

Un espectáculo que estimula as habilidades de percepción espacial e psicomotricidade dos bebés a través de pequenas historias que captan o seu interese e

atención, que fan que poidan reinventar o mundo coa mirada que o ve todo por primeira vez, abraíándose a cada paso mentres aprenden novos nomes para as cousas que acaban de descubrir.

Participación: dirixido a bebés de 0-3 anos. Poden participar un máximo de 25 familias por orde de inscrición en cada unha das sesións. Inscrición previa de balde desde o día 18 de outubro no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico nelvidal@carballo.gal.

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística



Viaxe a Sudamérica

Contacontos teatral de Tinketrinke

Mércores 15 de novembro | 17.00 h e 18.30 h (dúas sesións)
Biblioteca Rego da Balsa

Os ratos de Lonxedetodo acaban de volver dunha longa viaxe por América do Sur e Central. Un percorrido por Argentina, México, Cuba, Venezuela

e Brasil. Así dramatizarán algunhas das anécdotas máis divertidas da súa viaxe e darannos a coñecer autores e autoras da literatura infantil daquel continente tanto en prosa como en verso, así como algunhas fermosas cancións do seu folclore.

Participación: máximo 60 nenos/as de 3-8 anos en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 8 de novembro.

Organiza: Concello de Carballo - Biblioteca



Un bico para Alí


Narración oral e musical e achegamento a recursos infantís

Mércores 22 de novembro | 17.00 h e 18.30 h (dúas sesións)
Salón de actos do Pazo da Cultura

Unha nova aventura da nena Alí, a través da que se presenta o fantástico e amplo mundo de xogos, historias e cancións que hoxe teñen ao seu dispor as nenas e os nenos galegos para soñar na nosa lingua. As palabras de Fabaloba van acompañadas pola música e os efectos sonoros de Luís Prego.

Participación: ata 20 familias con nenas/os de 0 a 4 anos, por orde de inscrición, en cada sesión. Inscrición previa no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico nelvidal@carballo.gal desde o 15 de novembro.

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística. Información sobre recursos en www.aliali.gal



O cole de Lonxedetodo

Contacontos teatral de Tinketrinke

Mércores 13 de decembro | 17.00 h e 18.30 h (dúas sesións)
Biblioteca Rego da Balsa

Nesta ocasión o rato Fuco vai lembrar o seu primeiro día de escola, o medo que tivo que vencer ao despegarse da súa mamá e como

descubriu que ir á escola era gratificante. Repasará na práctica algunhas das actividades escolares que máis lle gustan: modelar, recortar, pintar, cantar e, por suposto, contar contos.

Participación: máximo 60 nenos/as de 3-8 anos en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 7 de decembro.

Organiza: Concello de Carballo - Biblioteca



Lobo Bobo

Xoves 9 de novembro | 18.30 h | Biblioteca Rego da Balsa

Que pasaría se o lobo de Carrapuchiña se fixese vexetariano? Que acontecería se a madrastra de Brancaneves se convertese nun dos tres porquiños cada vez que se mira no espello? A resposta a estas e outras preguntas poderémola descubrir neste espectáculo!

Participación: nenos/as de 3-7 anos, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 2 de novembro.

Organiza: Concello de Carballo - Biblioteca. Programa Ler Conta Moito da Xunta de Galicia



A banda dos cueiros

Concerto infantil

Domingo 19 de novembro | 18.00 h
Auditorio do Pazo da Cultura

Concerto para nenas e nenos, desde bebés ata un chisco máis grandíños/as, deste

grupo musical que naceu no seo do proxecto Espazo Lectura de Gondomar. Temas de composición propia, versións actuais de melodías xa clásicas, adaptacións musicais de contos e poemas da literatura infantil e xuvenil galega, reinterpretacións de cancións e ladaíñas da tradición oral... Unha festaza!

Participación: público familiar. Recollida de convites, de balde, desde o 10 de novembro na Biblioteca Rego da Balsa.

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística



Asociación de animais solidarios

Contacontos teatral de Tinketrinke


Mércores 29 de novembro | 17.00 h e 18.30 h (dúas sesións)
Biblioteca Rego da Balsa

A ratiña Carolina ten montada na Biblioteca a oficina da Asociación de Animais Solidarios, da que forma parte e que hoxe lle

toca atender. A través dos tres teléfonos que ten sobre a mesa comeza a recibir chamadas de distintos animais que acoden á Asociación na procura de axuda para resolver variados problemas.

Participación: máximo 60 nenos/as de 3-8 anos en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 22 de novembro.

Organiza: Concello de Carballo - Biblioteca



Cancións para nenas e nenos

Concerto infantil de María do Ceo

Domingo 17 de decembro | 18.00 h
Auditorio do Pazo da Cultura

A tenrura e paixón da nosa fadista por excelencia, María do

Ceo, chega agora en versión infantil con cancións didácticas para que as nenas e os nenos aprendan escoitando. Un bo número de poemas musicados e cancións sobre a igualdade, a solidariedade, as linguas, a diversidade ou os animais que farán deste un concerto ben doce e ameno.

Participación: público familiar. Recollida de convites, de balde, desde o 7 de decembro na Biblioteca Rego da Balsa.

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística